



# Preguntas frecuentes sobre o Club de Letras

Actualizado para o curso 2020/21

## 1. Que é o Club de Letras?

- Un proxecto de centro. Aconséllase poñerlle un nome que lle dea unidade de sentido.
- No curso 2020/21 debe centrarse no tema "o coidado".

## 2. Que non é o Club de Letras?

- Unha morea de actividades inconexas, un proxecto de lectura.

## 3. Que centros poden participar?

- Centros **públicos** que impartan **primaria, ESO ou bacharelato**.

## 4. Cantos centros se van admitir?

- Vanse admitir **100 centros**, 70 novos e os 30 da convocatoria anterior (agás que teñan a memoria suspensa).
- As renuncias que poida haber entre os 30 centros da convocatoria de 2019/20 cubriranse con centros de nova incorporación.
- Os centros que participaron na convocatoria de 2019/20, deben poder ter a **memoria aprobada** para poder optar á convocatoria de 2020/21. Deberán cursar a solicitude e indicar no anexo I se continúan ou renuncian.

## 5. Cando remata o prazo para formalizar a solicitude?

- O prazo remataba o día 30 de setembro de 2020 (incluído). Debido ao atraso do inicio do curso escolar, amplíase unha semana, ata o mércores **7 de outubro** de 2020 (incluído).

## 6. Como se formaliza a solicitude? Quen debe facelo? A quen se dirixe?

- Só se admitirán as solicitudes chegadas a través da **sede electrónica**.
- Por ser un proxecto de centro, a solicitude debe formalizala o centro (nunca a debe facer a título particular, nin tampouco a persoa coordinadora).
- A solicitude cursaraa **a Dirección do centro** do seguinte xeito:
  - <https://sede.xunta.gal/portada> > A miña sede > autenticarse > Trámites > Solicitude xenérica > Tramitar en liña > continuar
  - Cubrir a solicitude con código de procedemento **PR004A**
  - Cómpre engadir como documentos anexos o **Anexo I** e o **Anexo II** (que cómpre ter cubertos previamente):
    - Anexo I: solicitude que acompaña o texto da convocatoria.
    - Anexo II: descrición do proxecto.
- Deben presentarse tanto os centros que queiran renovar coma os de nova incorporación. A renovación non é automática, hai que cursala.
- Como entidade destinataria, elixíranse as entidades coa súa actual denominación (e non a que figuraba na convocatoria, hoxe extinta):
  - Consellería de Cultura, Educación e Universidade
  - Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional





**7. Onde se publicará a información relativa a esta convocatoria?**

- No [Portal educativo](#) e no [portal de Igualdade](#).
- Ademais, os centros admitidos recibirán a información por correo electrónico.

**8. Que duración ten a participación no Club de Letras?**

- O curso escolar para o que se convoca, isto é, 2020/21.

**9. Ten asignación económica a participación no programa? En que se pode investir?**

- Si, cada centro participante recibirá 1.000€ para gastos de funcionamento.
- Este orzamento é incompatible con calquera outro destinado á mesma finalidade.
- A partida non se pode investir en adquirir material inventariable.
- Os gastos deben realizarse ao longo do curso escolar, ata o 30/6/2021.
- A non xustificación do gasto en prazo poderá ser causa de revogación das cantidades concedidas.
- A CCEU enviará un modelo de certificación para xustificar os gastos realizados.

**10. Que metodoloxía de traballo se emprega no Club de Letras?**

- Abordaxe do coidado a partir de proxectos de investigación (ex. historias de vidas).
- Abordaxe do coidado a partir da creatividade.
- Emprego de narrativas dixitais, narrativas transmedia, *storytelling*, novas formas de comunicar (ex. obradoiros de escrita creativa, elaboración de cartas ficticias).
- Uso de linguaxes narrativas multimedia (ex. *podcast*, curtas, infografías, murais...).
- Metodoloxías que impliquen aprendizaxes activas (ex. traballo por proxectos).
- Metodoloxías que impliquen traballo cooperativo e toma de decisións compartida.
- Propostas que impliquen cambios sociais e un beneficio para a comunidade (ex. investigación-acción, aprendizaxe-servizo).

**11. En que campos do saber se traballa no Club de Letras?**

- En Humanidades, Artes e Ciencias Sociais.

**12. Como se pode enfocar na educación primaria?**

- Escrita creativa, a exploración e creación artística.
- Lectura reflexiva.
- Achega lúdica e dinámica (ex. *escape room*, busca do tesouro).

**13. Como se pode enfocar na educación secundaria (ESO e bacharelato)?**

- Visión transversal entre os saberes (literatura e arte).
- Perspectiva filosófica ou histórica.
- Expresión creativa, lectura reflexiva.
- Comprensión, análise crítica.

**14. Como se deben constituír os grupos de traballo?**

- Estarán coordinados por un/ha docente do centro.
- Estarán constituídos por alumnado e profesorado.
- Débese rexistrar o número de alumnos e alumnas participantes (dato segregado por sexo).
- O número de participantes no Club de Letras determinaráo quen coordine o programa.
- O profesorado debe figurar en calidade da **docencia** que imparte (non en calidade do cargo)
- Buscarase a participación paritaria, evitando en todo momento que o interese polo tema estea determinado por hábitos que reproducen a distribución complementaria (segregada) de intereses e tarefas entre homes e mulleres. Procurarase en todo caso a aprendizaxe cooperativa e os espazos de intercambio de ideas e experiencias.





#### 15. Que temática se aborda en 2020/21?

- O **coidado**. O ámbito do coidado pode abordarse desde distintas ópticas:
  - responsabilidade e da **corresponsabilidade** na atención das tarefas e dos labores necesarios para o sostemento da vida das persoas,
  - atención das necesidades de quen está a padecer unha **situación de vulnerabilidade** (causada pola enfermidade, pola pobreza, pola soidade, pola dor...),
  - atención das persoas que sofren ou vén agravada a situación de abuso, violencia de xénero e LGTBifobia
  - atención doutras circunstancias que constitúan situacións de especial vulnerabilidade etc.
- Considérase especialmente aconsellado comprender o contexto de **confinamento** motivado pola COVID-19, pois constitúe un episodio histórico nunca antes vivido que requirirá unha profunda reflexión por parte da comunidade educativa e que constitúe unha oportunidade de reflexión idónea para a posta en valor dos labores de coidado. Os proxectos realizados sobre este tema poden abordarse desde un punto de vista literario, artístico, filosófico ou histórico, e poderán centrar o seu foco de interese na actualidade, en anteriores etapas da historia ou conxugando ambos os dous enfoques.
- Pódese solicitar información á asesoría para recibir orientacións para enfocar o tema. Véx. a **guía de resumo** dos aspectos centrais sobre o tema.

#### 16. Como se realizará a organización escolar?

- Adaptándoa, en todo caso, ás circunstancias da situación COVID, buscando os tempos e espazos máis aconsellados e adaptados á organización dos protocolos do centro.
- Deberase cumprir cando menos 4 horas ao mes.

#### 17. Como se aplican os **criterios de selección**?

- Proxecto presentado (60 puntos).
- Materias específicas de igualdade (20 puntos).
- Programas de innovación (10 puntos).
- Interdisciplinariade (10)

#### 18. Ten algún tipo de recoñecemento a participación no Club de Letras?

- Si, no caso de que a memoria sexa avaliada positivamente, certificarase como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia en horas de formación do profesorado
  - 30 h para a persoa que coordine o proxecto
  - 20 h para o profesorado participante
- Certificarase o labor do persoal docente que desenvolveu actividade de aula; agás o profesorado participante nos labores de dixitalización e visibilización da información.
- Non se certificará o profesorado que non teña debidamente xustificada a actividade didáctica realizada no proxecto. Non se certificará o mero acompañamento nunha actividade.

#### 19. Pode participar todo o profesorado?

- Pode participar o profesorado que forme parte do Claustro e que teña destino no centro solicitante durante o curso 2019/20, cando menos no período no que se desenvolva o programa.

#### 20. Que sucede se un docente se dá de baixa do programa ao longo do curso?

- Non se incluírá o seu nome na memoria final.





**21. Que sucede se un docente se quere incorporar ao desenvolvemento dun programa?**

- Comunicarase o máis axiña posible o seu nome e DNI por correo electrónico a [asesoria.igualdade@edu.xunta.gal](mailto:asesoria.igualdade@edu.xunta.gal), xustificarse debidamente a realización traballo efectivo e incluírse o seu nome e as tarefas realizadas na memoria.

**22. Que obrigas teñen os docentes participantes no desenvolvemento dun programa?**

- En canto á persoa que exerza o labor de coordinador/a,
  - axudar a enfocar o tema do coidado
  - establecer as liñas estratéxicas do programa na solicitude do proxecto
  - propoñer accións
  - coordinar as accións
  - realizar a memoria final, coas achegas de cada docente participante
  - canalizar a difusión das actividades
- En canto aos outros docentes participantes,
  - desenvolver as accións propostas didácticas
  - propoñer e realizar accións
  - dar conta das accións realizadas para a súa inclusión na memoria

**23. Que aprendizaxes debemos procurar no alumnado?**

- Achea crítica ás desigualdades de xénero no exercicio o coidado.
- Coñecemento de referentes femininos en distintos ámbitos do saber.
- Cambio de hábitos respecto do exercicio do coidado.
- Construción dun espazo de reflexión colectiva sobre a importancia dos coidados.

**24. Cal é a razón de ser dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do Club de Letras?**

- Traballar sobre un tema específico con perspectiva de xénero analizando e visibilizando as desigualdades existentes entre homes e mulleres.
- Promover o traballo de reflexión crítica.
- Visibilizar entre a comunidade educativa os traballos realizados e promover a reflexión crítica arredor da igualdade de xénero.

**25. Que debe incluír a memoria final?**

- As actividades numeradas, ben explicadas.
- As tarefas realizadas por cada docente, de xeito pormenorizado. Non se certificará a ningún docente do que non se inclúan as tarefas realizadas.
- As aprendizaxes relacionadas co tema da convocatoria.
- as accións executadas por proposta dos responsables do programa (saídas, visitas, uso de material didáctico recomendado...)
- o grao de cumprimento dos obxectivos propostos
- o nivel de participación do alumnado e das familias no desenvolvemento das actividades
- os produtos elaborados polo alumnado
- as ligazóns aos contidos que visibilizan as actividades realizadas polo centro

**26. Como se edita e envía a memoria final? Quen debe facelo?**

- A edición e o envío da memoria debe realizarse a través do documento enviado para tal efecto.
- Debe ser enviado a través do correo electrónico.

**27. Cales son as razóns polas que se pode suspender a memoria final?**

- que non se dea debida conta das tarefas realizadas por cada docente.
- que non se expliquen as accións realizadas.
- que non se participe das accións promovidas polo programa.
- que non se indique o grao de cumprimento dos obxectivos propostos.





- que non se indique o nivel de participación do alumnado e das familias no desenvolvemento das actividades.
- que non se identifiquen e amosen os produtos elaborados polo alumnado.
- que non haxa evidencias do traballo realizado, ou sexa, que non se indiquen as ligazóns aos contidos que visibilizan as actividades realizadas polo centro.

